

ACTA

Da sesión **extraordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

13 de marzo de 2024

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as trece horas do día trece de marzo de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señor@s/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP), D^a. María Nava Castro Domínguez (PP), D^a. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Juan Francisco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. José Carlos López Campos (PP), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa María Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sra. Viceinterventora, D^a. Susana Escaloni Varela.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

Sr. Presidente.- Bueno, moi bos días a todos e todas. Imos dar comezo a esta sesión extraordinaria prevista para as trece horas e comezamos coa orde do día.



1.8151.- **ACTA ANTERIOR**

Sr. Presidente.- Comezamos polo primeiro punto que é a aprobación do borrador da acta da anterior sesión extraordinaria do 30 de xaneiro. Non sei se hai algunha obxección por parte dos grupos. Ben, procedemos á votación: ¿Votos a favor do borrador da acta anterior da sesión do 30 de xaneiro? Queda Gorka, si, a favor, vale, queda aprobada por unanimidade.

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión extraordinaria do 30 de xaneiro.

2.8152.- **TOMA DE POSESIÓN DE DONA LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ COMO DEPUTADA PROVINCIAL (EXPTE. 2024016763)**

Sr. Presidente.- E pasamos ao segundo punto da orde do día que é a toma de posesión de dona Luisa María Sánchez Méndez como deputada provincial. Cedo a palabra ó Secretario.

Sr. Secretario.- Recibiuse da Xunta Electoral Central a credencial de deputada provincial a favor de dona Luisa María Sánchez Méndez e toda vez que presentou nesta Secretaría Xeral a declaración de bens patrimoniais, declaración de causas de posible incompatibilidade, así como a liquidación do imposto sobre a renda, non hai, pois, obstáculo legal para a súa toma de posesión.

Sra. Sánchez Méndez.- Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada provincial con lealdade ao Rei e facer gardar e gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Sr. Presidente.- Ben, non sei se algún voceiro dalgún grupo, voceira, quere intervir. Ben, pois eu Luisa e por darche os parabéns. Ben, é unha honra para min como presidente desta institución e tamén como membro que son do Grupo Provincial do Partido Popular, pois contamos nas nosas filas contigo, desexarche os máximos dos acertos que van a ser todos. Así que, xa digo, de verdade



parabéns e benvinda a esta casa. E sen máis damos por finalizada esta sesión extraordinaria. Moitas grazas. Bo día.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as trece horas e dez minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

